



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A FUNDACION UNICEF COMITÉ ESPAÑOL, PARA A PROMOCIÓN, DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA “CIDADES AMIGAS DA INFANCIA”

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Fundación UNICEF Comité Español o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio por un período de catro anos desde dita data.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Subscribir este acordo para poñer en marcha e desenvolver accións que contribúan a implantar e difundir políticas públicas con enfoque de dereitos a través do “Programa Cidades Amigas da Infancia” no ámbito municipal, entre os municipios da Comunidade de Galicia. Con iso, preténdese que o desenvolvemento deste acordo de colaboración materialícese nunha mellora do benestar da infancia nos 313 municipios das provincias da Comunidade e a aplicación da Convención sobre os dereitos do neno no ámbito municipal.

Para iso, unha parte esencial deste Acordo consistirá na promoción e o desenvolvemento do programa denominado “Cidades Amigas da Infancia”, centrado en sensibilizar á sociedade española en xeral, e aos axentes municipais en particular, para que incrementen os seus esforzos a favor dos dereitos dos nenos e as nenas entre os Entes Locais; conseguir que se comprometan a iniciar políticas e promover iniciativas





que recoñezan ao neno como cidadán de pleno dereito, facilitando a creación de canles sustentables de participación da infancia e a adolescencia e doutros sectores da poboación na vida das cidades.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións das partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrência pública”.

O convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da sinatura e por un período de 4 anos, renovable por ata outros catro de forma expresa e unánime.

Con todo, as partes poderán resolver en calquera momento o acordo con antelación de 30 días á data de expiración desexada, comunicando por escrito ás outras partes a súa vontade de desistir do acordo.

A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre as partes.

As partes asinantes comprométense a promover a implantación progresivamente nas políticas públicas locais o enfoque da Convención sobre os dereitos do neno a través da consecución dos seguintes obxectivos.

Ademais todas as partes comprométense entre outras, a promover e difundir as accións de formación, asesoramento e promoción do “Programa Cidades Amigas da Infancia” nos concellos da Comunidade Autónoma, así como á celebración dun foro de participación infantil cos Consellos de Participación de Infancia dos concellos da Comunidade de Galicia.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

